

# UNHA CASA A MEDIDA

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de MARC TAEGER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartonné. 23 x 30 cm. 32 páx. 15 €.

**Unha casa a medida** (galego)

ISBN 978-84-8464-468-2. Demademora.

**Una casa a medida** (castelán)

ISBN 978-84-8464-469-9. Obras de autor. Primeros lectores.

**Krokodilo txikia, Jirafa altua eta neurri kontuak** (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-113-0. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

**O pequeno crocodilo e o amor de uma vida** (portugués)

ISBN 978-989-8205-93-3. Obras de autor. Primeiros leitores.

*Esta é Xirafa. Xirafa é moi alta.*

*Este é Crocodilo. Crocodilo é moi baixiño.*

*Entre eles hai moita diferenza: máis de dous metros.*

*Pero, a pesar disto, son parella:*

*unha parella de namorados...*


Os protagonistas deste relato son unha atípica parella de namorados que vencen -a base de enxeño e dun chisco de humor- as dificultades que xorden para conviviren xuntos. Porque as trabas que poden supoñer uns cantos centímetros de diferenza de estatura entre ámbolos dous son amplamente superables coa forza do cariño. Unha das primeiras probas que teñen que superar é atopar unha casa para os dous, cómoda para as súas respectivas necesidades. A solución, deseñala a medida...

Tras “Crocodilo namorado” e “Unha parella diferente”, o terceiro título desta serie protagonizada por Crocodilo e Xirafa abunda nas súas divertidas peripecias, que se completan no libro titulado “Unha familia normal”.

A obra de Daniela Kulot ten unha grande aceptación entre o público infantil por aspectos tan importantes como a elección dos personaxes, case sempre identificados con animais humanizados; a riqueza cromática das ilustracións e os temas que expón nos seus libros: historias baixo as que subxacen mensaxes de moita utilidade para a aprendizaxe e a formación dos lectores. Así, esta fábula moderna fala tamén de tolerancia, respecto aos demais e aceptación das diferenzas.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** o amor e a parella.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** aceptación das diferenzas, tolerancia e convivencia; respecto aos demais, superación das dificultades; sentimentos; outros títulos da serie: “[Crocodilo namorado](#)”, “[Unha parella diferente](#)”, “[Unha familia normal](#)”; outras obras da autora: “[Bromas na escuridade](#)” e “[Un lío de cordones](#)” (Kalandraka).
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-casa-a-medida-g>

## Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística na Universidade de Augsburg, aos que seguiron cursos de deseño gráfico e ilustración. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Completou a súa formación na Escola de Belas Artes de Munich. Foi visitando feiras internacionais de literatura infantil como a de Boloña, cando a editorial alemá Thienemann lle deu a primeira oportunidade de publicar. En 1999 comezou a impartir clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava (1997), no Museo de Günzburg (2001) e na Feira de Arte de Nagama en Xapón (2002), entre outras cidades.

<http://daniela-kulot.de>

